

Normas de utilización da Aula de Informática

- A Aula de Informática do centro estará a disposición de todo o profesorado e alumnado do centro para a súa utilización con fins educativos.
- O alumnado non poderá permanecer na aula sen a presenza dun profesor responsable.
- O profesorado que precise a utilización da aula deberá anotarse na lista que o xefe de estudos colocará na sala de profesores para tal efecto e deberá solicitar persoalmente a chave ó conserxe.
- Existirá un profesor encargado da aula de informática que contará no seu horario lectivo con dúas sesións adicadas a dito fin. Nestas sesións a aula non poderá ser utilizada por outro profesor.
- O alumnado dos diferentes cursos deberá distribuírse en grupos para o traballo cos ordenadores (o número de alumnos por grupo variará en función dos membros da clase e da cantidade de ordenadores dispoñibles). O delegado de cada clase entregará ó xefe de estudos e ó profesor encargado da aula unha relación cos nomes dos integrantes de cada grupo.
- A distribución dos grupos na aula será fixa e a mesma en tódalas materias (salvo cambios indicados polo profesor, que deberán ser notificados ó xefe de estudos e ó profesor encargado da aula). O grupo 1 traballará no ordenador 1, o grupo 2 no 2, e así sucesivamente.
- A aula de informática poderá ser usada en horario de calquera materia como recurso para traballar contidos do currículo da mesma, pero non se utilizará en ningún caso nas gardas ou substitucións, aínda no caso de que o grupo correspondente tivese clase de informática.
- Os alumnos non poderán instalar ningún programa en ningún caso, nin baixar arquivos da rede salvo por indicación expresa do profesor correspondente. Se algún profesor desexa instalar algún programa deberá notificarlo ó encargado da aula.
- As carpetas creadas polos grupos de alumno deberán ser nomeadas de xeito que indique o curso, o grupo e a materia á que corresponde (p. ex. 3ºB-GRUPO1-MATEMÁTICAS). O profesor encargado poderá eliminar arquivos ou carpetas de contido sospeitoso e pouco claro. Cada grupo será responsable do contido das súas carpetas.
- Ningún grupo poderá acceder a arquivos doutros grupos ou doutras clases.
- Se algún alumno observa algunha anomalía no funcionamento do seu ordenador, debe comunicalo inmediatamente ó profesor, quen o transmitirá ó encargado da aula de informática.
- Os alumnos só poderán utilizar as impresoras, escáner e outros periféricos semellantes por indicación expresa do profesor da materia.
- Os alumnos que, polo uso indebido do material, causen danos ós equipos, deberán asumir os custos da reparación, sen perxuízo de recibiren outra sanción adicional por parte da dirección.

- Os alumnos non poderán varia-la aparencia do escritorio dos ordenadores (salvapantallas, fondos, tipo e color de letra, etc...). No caso de que deban facelo nun exercicio de clase, ó remataren voltarán a deixa-la aparencia orixinal.
- A utilización de internet deberase considerar dende o punto de vista didáctico e non lúdico, polo que os alumnos deberán seguir sempre as indicacións do profesor na navegación pola web.
- O non cumprimento destas normas suporá sancións a determinar pola dirección do centro, e levará consigo a suspensión automática ó alumno do dereito ó uso dos equipos informáticos por un período de tempo que se concretará en cada caso.